

BOLSA DE EMPREGO

TELECOMUNICACIÓNS

Mantemento ■ Empresa busca experto en telecomunicacións. Encargarse das funcións de operación e mantemento dos equipos de radio, redes telefónicas e equipo de transmisión, manexo de equipos e localización física de avarías en cables de Fibra Óptica. Búscase persoa con dous anos de experiencia en postos similares e con carné de conducir. Interesados enviar currículo a rrrh@ipt.es.

MÉDICO

Xeriatria ■ Grupo do sector das residencias xeriátricas selección a médico para Oleiros. Ofrécese turno de tarde ou mañá e salario en función do candidato. Requírese a licenciatura en Medicina e un ano de experiencia. Os candidatos deberán inscribirse en http://www.ballesol.es/grupo_ballesol/equipo_humano_empleo.php.

CONSULTORES

Mutua ■ Empresa busca dous licenciados en Medicina para adicarse ao control de continxencias comúns para realizar traballos de avaliación médica dos traballadores da mutua. Requírese carné de conducir. Avaliarase a experiencia en mutua aínda que non é imprescindible. Inscribirse en <http://www.grupoclave.es/Trabajamosnosotros/InsertatuCV/tabid/234/Default.aspx>.

Se quere anunciar un emprego disponible mande un e-mail a empleo@galiciainnova.es

Investigar coa realidade social

O Grupo de Psicoloxía Forense é referente en avaliación para a toma de decisións xudiciais ■ Os estudosos interveñen en procesos de custodia de fillos ou en maltratos

■ A Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela é, en realidade, o Club de Pobi. As paredes do seu local da Facultade de Psicoloxía están empapeladas con debuxos de nenos que pasaron por alí en procesos de avaliación realizados para fundamentar a toma de decisións dos xuíces sobre a custodia dos fillos ante unha separación ou divorcio. Para que a experiencia non sexa traumática, *Pobi*, un golfinho de país separados, dalles a benvida e axúdalles a que proporcionen aos profesionais da Unidade a información que precisan como parte dun xogo.

A realización deste tipo de traballos ao servizo da administración de xustiza é fundamental para o labor científico dos investigadores do Grupo de Psicoloxía Xurídica ao que pertence a unidade e que ten a súa outra pata na Universidade de Vigo. «Somos un grupo interuniversitario por mor da segregación da Universidade galega», explica Ramón Arce, investigador principal do grupo xunto con Francisca Fariña.

A actividade investigadora do grupo está conectada coa realidade social dos ámbitos nos que se desenvolve grazas as súas colaboracións coas administracións autonómica e locais en materia de programas de reeducación de maltratadores e asistencia a familias afectadas por violencia de xénero ou a ruptura da parella. «É moi importante a iniciativa da Consellería de Presidencia de costear a reeducación dos maltratadores, na que nós lle damos soporte. Un agresor sen antecedentes



PACO RODRÍGUEZ

O estudo da realidade cotiá das familias é unha das súas tarefas

ao que lle caía unha pena de dous anos ou menos queda na rúa sen máis e, sen estes programas, aínda por riba sae reforzado», sinala Arce.

Os seus proxectos de investigación están dirixidos a optimizar os procedementos que usan peritos e forenses para avaliar psicoloxicamente ás persoas implicadas en procesos nos que os factores emocionais e morais son determinantes. Neste ano rematarán un proxecto trianual polo que están a analizar se o cambio na lexislación sobre separacións e divorcios que introduciu no 2005 a fórmula da custodia compartida supuxo cambios na motivación das sentenzas e se mellorou a defensa dos intereses do menor. Por ou-

tra parte, este proxecto implica a definición dun protocolo para detectar a ocultación e o engano por parte das persoas implicadas nos procesos durante as avaliacións. «Sabemos que arredor dun 30% dos pais manipulan a presentación da súa imaxe para darlle un matiz que eles consideran que será positivo para o avaliador», explica Fariña, que xunto co resto dos membros do grupo traballa para afinar os cuestionarios que reduzan ao mínimo o risco de engano.

Proxectos coma este traen como resultado ferramentas de traballo que peritos e forenses utilizan, unha vez que están suficientemente testados polo grupo, na súa práctica profesional. «Neste sentido nós traballamos

coma un centro de transferencia, só que nunca cobramos en concepto de propiedade intelectual porque entendemos que nos debemos ao noso compromiso social e, en concreto, coa infancia», asegura Fariña.

Con esta mesma filosofía, están a levar a cabo un proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia e que rematará no 2010 para deseñar ferramentas de avaliación en casos de violencia de xénero que axuden a despegar dúbidas sobre os testemuños dos implicados e valorar os danos psicolóxicos. «Os casos nos que hai evidencias incontestables de maltrato son unha minoría, normalmente o que hai son dúas versións sobre as que o xuíz ten que tomar unha decisión que vaia máis alá de calquera dúbida razoable», explica Arce. Por iso, están a desenvolver un sistema de avaliación que lles axude ás vítimas de maltrato cando se pon en dúbida a veracidade do seu testemuño e a demostración do dano psicolóxico.

Noutras comunidades autónomas e mesmo en Portugal xa se están a utilizar as ferramentas de avaliación deseñadas polo grupo, como tamén no seu día as recomendacións formuladas a partir das súas investigacións sobre os xurados populares foron integradas na lei de 1995 que regula esta práctica na que un acusado é xulgado polos seus iguais. «Escoitouse nosa recomendación en contra dos xurados escabinados, é dicir, nos que participa un xuíz, porque observamos que a súa presenza mediatiza o proceso de decisión», expón Fariña.

NOVOS INVESTIGADORES

Juan Antonio Añel

INVESTIGADOR DO GRUPO DE FÍSICA DA ATMOSFERA E DO OCÉANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DE OURENSE

«Podería marchar ao estranxeiro, pero aposto por quedar aquí e tirar do carro»

■ Asegura que publicar en *Science* e *Nature* «está sobrelorador», pero admite que verse citado nunha destas publicacións como promesa científica «te deixa flotando». Juan Antonio Añel insiste en que non ten «nada de especial», pero aos seus 30 anos este investigador do Grupo de Investigación de Física da Atmosfera e do Océano da Facultade de Ciencias de Ourense suma 25 becas, o Premio Gulbenkian de Estimulo da Investigación e o Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Vigo.

—No mes de maio marcha aos EE. UU. seis meses, pero prefiro

traballar en Ourense.

—Vou porque o meu contrato de investigación, do Programa Ángeles Alvariño da Xunta, o esixe. Podería marchar ao estranxeiro, pero aposto por quedar aquí e tirar do carro. O ano pasado tiver ocasión de optar a un contrato do Centro Nacional de Investigacións Atmosféricas (NCAR) dos EE. UU., o equivalente á NASA neste ámbito, con mellores condicións económicas e outros privilexios, pero estou conseguindo facer investigación de calidade en Ourense.

—E todo isto grazas á tropopausa, ¿que ten de especial?

—A tropopausa é un tema de in-

vestigación de relevancia a nivel mundial. Trátase dunha capa da atmosfera pouco coñecida pero moi importante. Atópase a uns 13 quilómetros de altura sobre a Terra e marca un punto de inflexión na atmosfera, xa que ata chegar a ela conforme se sube a temperatura descende, pero a partir de aí comeza a subir de novo.

—¿Que busca saber dela?

—A incidencia que pode ter sobre ela o cambio climático. Obsérvase que o primeiro efecto é a elevación da tropopausa sobre o seu nivel normal, pero hai que describir con precisión canto e que factores inciden nese fenómeno. Hai que ter en conta



SANTI M. AMIL

Cúpula do observatorio da Facultade de Ciencias de Ourense

que a tropopausa se descubriu hai xusto cen anos, así que o seu estudo é moi recente.

—¿En que pode axudar a súa observación ao coñecemento do calentamento global?

—Sábese que está máis alta nas zonas tropicais e moito máis baixa nos polos. A estrutura que presenta nesas zonas tropicais se está estendendo, é dicir, que cada vez é máis alta nunha maior superficie. Isto converte a tropopausa nun indicador da

extensión do clima tropical, un fenómeno que ten consecuencias directas sobre a agricultura, o consumo enerxético, etcétera.

—¿E que ocorrerá coa circulación nesa capa da atmosfera?

—Hai un fenómeno asociado que é a corrente en chorro. É un fluxo de aire que se atopa xusto onde remata a tropopausa tropical e é moi utilizado pola navegación aérea para aforrar combustible, tratando sempre de aproveitar o seu empuxe.